

## **Déficit na investigación deportiva: só "iniciativas illadas" e sen coordinación**

Vieiros falou cos responsábeis das facultades de ciencias do deporte das universidades de Vigo e A Coruña.

Entrevista de Pablo García Martínez - 09:00 03/11/2008

Martín Acero adícase de forma profesional ao deporte desde finais dos anos 80, e desde comezos dos 90 está afincado en Galiza. Entre os anos 98 e 2003 dirixiu o INEF Galego, e desde o 2004 é o decano da [Faculdade de Ciencias do Deporte e a Educación Física](#), centro adscrito á [Universidade da Coruña](#). Pola súa parte, Xosé María Cancela é decano da [Faculdade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra](#), pertencente á [UVigo](#), dende o ano 2006. As funcións que desenvolve non resultan novas para el, xa que exerceu de vicedecano entre os anos 2001 e 2006.

### **Vieiros: Creen que vivimos nunha época onde a optimización do rendemento físico ten cada vez máis importancia no deporte?**

Xosé María Cancela: Si, a imaxe do deportista é un modelo ao que todos se queren achegar. Hai que ser coherente ao quereremos parecernos a eles, porque cada un ten a súa fisionomía e nós tratamos de transmitir esta idea dende a titulación. Cada corpo é diferente e o tratamento a nivel de rendemento deportivo varía.

Rafael Martín: Eu creo que hai ciclos. En casos de igualdade técnica a diferenza ven dada polos cambios físicos, e viceversa. Agora dáselle máis importancia aos cambios físicos porque nos últimos anos apreciáronse melloras en algúns deportes que estaban a ser pouco estudados, dando como resultado grandes avances.

### **Un aspecto no que o estudo do deporte permitiu maiores avances é a prevención de lesións. Como avalían o traballo que se está a facer hoxe en día nese eido?**

X.M.C: O tema da prevención mudou e agora dáselle cada vez máis importancia. Tamén hai que ter en conta que é diferente a prevención de lesións que debe ter unha persoa normal e un deportista de elite, que leva sempre o seu corpo até os límites. Nós aquí entendemos que é importante a formación para levar a cabo unha correcta práctica. No noso programa tentamos inculcar uns bos modos de práctica deportiva, pero esta é unha mudanza que se ten que dar a longo prazo.

R.M: Sen dúbida teñen unha grande importancia. Determinan a duración da vida deportiva dun atleta. Si non fixeches unha prevención axeitada é difícil manter certos niveis de rendemento durante moitos anos. Nós fomos innovadores niso. No ano 1999 o Deportivo foi pioneiro na primeira división á hora de contratar unha persoa adicada a traballar na prevención das lesións. Este home chámase Carlos Lalín e formouse na nosa universidade.

### **Que peso ten a investigación dentro do plano de estudos da súa universidade?**

X.M.C: A vinculación á investigación é limitada. Ofrécese pinceladas en diferentes materias, e despois aqueles alumnos que de verdade queiran investigar teñen que facelo a través do doutoramento. Un dos nosos principais obxectivos é crear profesionais activos no seu traballo. Falamos de persoas que avalíen as súas accións en base a datos e resultados, non a conxecturas, para poder mellorar no seu desempeño diario.

R.M: A formación universitaria atende a uns plans que non dependen de nós. No primeiro ciclo ofrécese unha formación máis xenérica e dáse a primeira toma de contacto coa metodoloxía de pescuda. É no segundo ciclo cando se afonda no estudo da práctica deportiva. Nós temos grupos de indagación formados por persoal do segundo e terceiro ciclo, aos que se incorporan de forma voluntaria algúns alumnos que están aínda nos primeiros anos da carreira. A implicación destes colaboradores é cíclica, xa que depende da vontade de traballar que teñan os estudantes.

### **Como se está a afrontar a investigación no deporte desde fóra das universidades?**

X.M.C: A Universidade de Vigo asina convenios de colaboración con empresas do sector servizos, para que os nosos alumnos podan ter a súa primeira toma de contacto co mundo laboral. Tamén colaboramos con diversas federacións deportivas.

R.M: As inversións que se están realizando en I+D+i adócanse principalmente á fabricación de tecnoloxía, e creación de patentes. Nós non imos nesa liña, tratamos de difundir coñecementos que sirvan aos profesionais e adestradores para mellorar o rendemento físico. Traballamos coa intención de incidir de forma directa nunha mellora da práctica profesional.

### **De que maneira promoven as diferentes administracións a investigación no deporte?**

X.M.C: No que se refire ao Consello Superior de Deporte, os investigadores manifestan o seu malestar porque o 90% do traballo que se fai está ligado ao rendemento e a dopaxe. Só o 10% restante é destinado á práctica en xeral. As consellarías, pola súa parte, adócanse máis a estudos nos que se relacionan o deporte e a saúde. A investigación ten o gran problema de que non se fixo un plan operativo adecuado ás necesidades cotiás. Isto é especialmente problemático se temos en conta que vivimos un tempo no que aumenta de maneira constante o número de persoas que practican deporte. Teríase que estudar cal é a modalidade máis axeitada para unha persoa, ou como inflúe a práctica no seu día a día, pero esta visión non vende, e as partidas son moi reducidas. En xeral, trátase dunha investigación deportiva moi enfocada á elite.

R.M: A nivel estatal hai un modelo pobre, no que as iniciativas son illadas e carecen de coordinación. As cousas mudaron algo dende 2004, ao chegar Jaime Lissavetzky a secretario de estado para o Deporte. Lissavetzky creou unha acción estratéxica de investigación ao servizo do deporte, para a que destinou máis de tres millóns de euros, e conseguiu incluír o deporte dentro dos plans de I+D+i. No que se refire a Galiza non me consta que exista ningún plan. Eu o único que aprecio, ao igual que no resto do estado, son medidas inconexas.

**A crecente influencia que o traballo de análise está a ter no deporte pode levarnos a pensar nel como un factor diferencial no futuro?**

X.M.C: Eu coido que si. En Europa, por exemplo, apóstase pola formación xenérica, dende a que se promove a especialización. Preténdese que cada universidade teña o seu grupo de investigación forte, pero hoxe en día aínda estamos asentando as bases para a creación dun sólido tecido conectivo no eido da investigación. A miña idea é que se deben crear grupos de traballo nas diferentes áreas para non perder tempo dando bandazos que xa deron outros. Ademais, a día de hoxe as comunicacións están do noso lado.

R.M: Non me cabe dúbida de que será un dos puntos capitais do deporte no futuro. Eu creo que é algo que a administración debe valorar, xa que fixo moitos investimentos para acadar os medios cos que conta, e agora ten que aproveitalos. Teñen que crear unha estratexia operativa común que permita mellorar o traballo cos deportistas e adestradores, e que permita chegar a investigación deportiva ás empresas.